

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**17267** *Real decreto lei 39/2020, do 29 de decembro, de medidas financeiras de apoio social e económico e de cumprimento da execución de sentenzas.*

I

A situación de emerxencia económica e social ocasionada pola pandemia segue a exixir a adopción de medidas sociais e económicas de apoio que se suman ás situacións de urxencia que xorden derivadas de circunstancias xurídicas imprevistas como o adecuado cumprimento de sentenzas xudiciais que poidan ter repercusións económicas que dean lugar a cambios legislativos urxentes.

Co obxectivo de atender a estas circunstancias descritas adóptase un conxunto de medidas sociais e económicas que a seguir se detallan.

Coa finalidade de reducir a fiscalidade dos beneficiarios do ingreso mínimo vital, declárase a súa exención no imposto sobre a renda das persoas físicas nos mesmos termos que as prestacións económicas establecidas polas comunidades autónomas en concepto de renda mínima de inserción para garantir recursos económicos de subsistencia ás persoas que carezan deles, así como as demais axudas establecidas por estas ou por entidades locais para atender, consonte a súa normativa, a colectivos en risco de exclusión social, situacións de emerxencia social, necesidades habitacionais de persoas sen recursos ou necesidades de alimentación, escolarización e demais necesidades básicas de menores ou persoas con discapacidade, cando eles e as persoas ao seu cargo carezan de medios económicos suficientes, de modo que o ingreso mínimo vital xunto coas ditas prestacións e axudas se consideren exentas ata un importe máximo anual conxunto de 1,5 veces o indicador público de rendas de efectos múltiples.

Por outra parte, en virtude do Real decreto 855/2008, do 16 de maio, outorgouse a ESCAL UGS, S.L. a concesión de explotación para o almacenamento subterráneo de gas natural denominado «Castor». No artigo 14 do citado Real decreto 855/2008, do 16 de maio, prevíase a compensación á empresa concesionaria polo valor neto contable das instalacións afectas ao almacenamento subterráneo, sempre que estas continuasen operativas.

O Real decreto lei 13/2014, do 3 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes en relación co sistema gasista e a titularidade de centrais nucleares, determinou a extinción da concesión do almacenamento «Castor» e outorgou a súa administración a Enagás. Os investimentos realizados por ESCAL no almacenamento valoráronse en 1.350.729 miles de euros, que foron aboados por Enagás a ESCAL.

O real decreto lei recoñeceu a Enagás un dereito de cobramento por esas cantidades durante 30 anos, e autorizou a súa cesión a terceiros, caso en que estes pasarían a ser suxeitos do sistema de liquidacións do sistema gasista, con prioridade sobre o resto de pagamentos do sistema.

A Sentenza do Tribunal Constitucional 152/2017, do 21 de decembro, declarou inconstitucionais e nulos os artigos 4 a 6, o artigo 2.2, a disposición adicional primeira e a disposición transitoria primeira do citado Real decreto lei 13/2014, do 3 de outubro, que, entre outros aspectos, recollía os dereitos de cobramento de Enagás.

O Tribunal Supremo, na Sentenza 1404/2020, da Sala do Contencioso-Administrativo, recoñeceu o dereito do Banco Santander, S.A., CaixaBank, S.A. e Bankia, S.A. a ser indemnizados polo Estado con 1.350,729 millóns de euros, contía que as tres entidades adiantaron a Enagás para facilitar o peche do almacén submarino de gas Castor. A esa cantidade hai que lle engadir os xuros compensatorios desde a data da presentación da reclamación ata a data de notificación da sentenza, sen prexuízo dos xuros legais que poidan corresponder a partir da citada notificación de conformidade coa normativa vixente.

Na súa sentenza, o Alto Tribunal estima parcialmente o recurso das tres entidades, que en abril de 2018 presentaron ante o Executivo unha «reclamación de responsabilidade do Estado lexislador», en que o instaban á devolución do diñeiro achegado para indemnizar a ex concesionaria de Castor pola paralización do almacén de gas.

A execución da citada sentenza levaraa a cabo o Ministerio de Facenda, ao cal, para poder proceder ao seu pagamento, se lle concede unha ampliación do crédito destinado ao pagamento de sentenzas de responsabilidade patrimonial do Estado lexislador.

Para obter o financiamento necesario para atender o seu pagamento, dado o elevado importe fixado na sentenza e as necesidades que o Estado tivo que afrontar para paliar os efectos económicos, sociais e sanitarios provocados pola COVID-19, cómpre acudir en parte ao endebedamento, ao non dispor o Fondo de Continxencia de recursos suficientes para financeiro.

Nas disposicións derradeiras modifícase a Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, xa que, na conxuntura actual, en que a pandemia da COVID-19 xerou unha crise global sen precedentes, as contribucións de España ás institucións financeiras multilaterais cobran especial importancia.

Nestas institucións é recorrente que tanto na subscripción de accións como na reposición de fondos o prazo para formalizar o instrumento xurídico polo que se adquire o compromiso finalice no último mes do ano natural e o prazo para realizar o primeiro desembolso comece no ano seguinte. O obxectivo é habilitar de forma urxente o mecanismo para adaptar a tramitación dos expedientes de gasto daquelas contribucións en que os calendarios establecidos internacionalmente determinen que o primeiro desembolso dunha contribución se realice nun ano natural distinto (o habitual, no seguinte) a aquel en que se adquiriu o compromiso, atendendo ao establecido no artigo 47.6 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Considérase que habilitar este mecanismo é unha medida de extraordinaria e urxente necesidade para que España se poida integrar en tempo e en forma nos instrumentos que as institucións financeiras multilaterais poñen en marcha para dar unha resposta global á crise da COVID-19. A pandemia supón unha crise global, en que un enfoque país a país resulta ineficiente e na cal os instrumentos multilaterais son a principal ferramenta para canalizar o financiamento ás economías máis débiles afectadas polo virus e para asegurar tanto o fortalecemento de sistemas sanitarios como a compra de vacinas de forma equitativa nos países máis pobres. España debe estar en disposición de poder comprometer recursos nos prazos establecidos internacionalmente, e con esta proposta asegúrase a implementación do mecanismo necesario para iso.

Así mesmo, modifícase a Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, para ampliar nun ano os prazos para efectuar a materialización da reserva para investimentos en Canarias, dotada con beneficios obtidos en períodos impositivos iniciados no ano 2016 e a dotación á dita reserva relativa ás investimentos anticipados realizados en 2017 e considerados como materialización desta, polos graves efectos que a pandemia produciu na realización dos investimentos e nos resultados económicos no ano 2020.

## II

Este real decreto lei consta dunha parte expositiva e dunha parte dispositiva integrada por dous artigos, divididos en dous capítulos, unha disposición derogatoria única e cinco disposicións derradeiras.

O artigo 1 ten como obxectivo declarar exento o ingreso mínimo vital nas mesmas condicións que o resto das prestacións monetarias públicas de carácter social, sen prexuízo da obriga de declarar o imposto que incumbe os seus perceptores. Esta medida debe adoptarse con carácter urxente para que tales colectivos se poidan beneficiar canto antes dos seus efectos sociais e económicos.

O artigo 2 ten como obxectivo dar adecuado e urxente cumprimento á Sentenza 1404/2020, do Tribunal Supremo, que é de obrigada execución en prazo.

A disposición derogatoria única incorpora unha cláusula xeral de derogación de cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ou contradigan o disposto no real decreto lei proxectado.

A disposición derradeira primeira recolle a modificación da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, cuxa modificación resulta urxente ante a situación ocasionada pola pandemia da COVID-19 que xerou unha crise global sen precedentes, e as contribucións de España ás institucións financeiras multilaterais cobran unha especial importancia para paliar as súas consecuencias.

A disposición derradeira segunda modifica a Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, para ampliar nun ano os prazos para efectuar a materialización da reserva para investimentos en Canarias, dotada con beneficios obtidos en períodos impositivos iniciados no ano 2016 e a dotación á dita reserva relativa aos investimentos anticipados realizados en 2017 e considerados como materialización desta, polos graves efectos que a pandemia produciu na realización dos investimentos e nos resultados económicos no ano 2020, o que require unha reposta inmediata e urxente.

As tres últimas disposicións derradeiras refírense ao título competencial, á habilitación normativa e á entrada en vigor, respectivamente.

### III

No conxunto e en cada unha das medidas que se adoptan concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei.

O artigo 86 da Constitución española permite ao Goberno ditar decretos leis «en caso de urxente e extraordinaria necesidade», sempre que non afecten o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

Polo que respecta ao primeiro aspecto, o emprego deste instrumento normativo con rango de lei está condicionado á existencia de circunstancias concretas que «por razóns difíciles de prever, requiren dunha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria de leis» (STC 6/1983, do 4 de febreiro).

O Tribunal Constitucional declarou que esa situación de extraordinaria e urxente necesidade pode deducirse «dunha pluralidade de elementos», entre eles, «os que quedan reflectidos na exposición de motivos da norma» (Sentenza do Tribunal Constitucional 6/1983, do 4 de febreiro). Pola súa parte, entre a situación de extraordinaria e urxente necesidade que habilita o emprego do real decreto lei e as medidas contidas nel debe existir unha «relación directa ou de congruencia». Por tanto, para a concorrencia do presuposto da extraordinaria e urxente necesidade, a Sentenza do Tribunal Constitucional 61/2018, do 7 de xuño, (FX 4), exige, por un lado, «a presentación explícita e razoada dos motivos que tivo en conta o Goberno para a súa aprobación», é dicir, o que se veu denominar a situación de urxencia; e, por outro, «a existencia dunha necesaria conexión entre a situación de urxencia definida e a medida concreta adoptada para remediala».

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F. 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F. 4, 137/2003, do 3 de xullo, F. 3 e 189/2005, do 7 xullo, F. 3) remediar unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación de tal procedemento non depende do Goberno.

A extraordinaria e urxente necesidade de aprobar este real decreto lei inscríbese no xuízo político ou de oportunidade que corresponde ao Goberno (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 142/2014, do 11 de setembro, FX 3) e esta decisión, sen dúbida, supón unha

ordenación de prioridades políticas de actuación (STC, do 30 de xaneiro de 2019, Recurso de inconstitucionalidade núm. 2208-2019), centradas no cumprimento da seguridade xurídica e da saúde pública. Os motivos de oportunidade que se acaban de expor demostran que, en ningún caso, o presente real decreto lei constitúe un suposto de uso abusivo ou arbitrario deste instrumento constitucional (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 100/2012, do 8 de maio, FX 8; 237/2012, do 13 de decembro, FX 4; 39/2013, do 14 de febreiro, FX 5). Pola contra, todas as razóns expostas xustifican ampla e razoadamente a adopción da presente norma (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 111/1983, do 2 de decembro, FX 5; 182/1997, do 20 de outubro, FX 3).

Débesse sinalar tamén que este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

Neste sentido, e en relación coa prohibición de afectación aos dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución española, a consolidada doutrina constitucional I, que resume a STC 139/2016, do 31 de xullo (FX 6), «1.º (...) este tribunal rexeitou unha interpretación extensiva do dito límite que suporía o baleiramento da figura do decreto lei, facéndoo «inservible para regular con maior ou menor incidencia calquera aspecto concernente ás materias incluídas no título I da Constitución»; 2.º) A cláusula restritiva debe ser entendida de modo que non se reduza ao nada a figura do decreto lei, de xeito que o que se prohíbe constitucionalmente é que se regule un réxime xeral destes dereitos, deberes e liberdades ou que vaia en contra do contido ou elementos esenciais dalgúns de tales dereitos (STC 111/1983, do 2 de decembro, FX 8, confirmada por outras posteriores); 3.º) O tribunal non se debe fixar unicamente no modo en que se manifesta o principio de reserva de lei nunha determinada materia, senón que máis ben debe examinar se existiu ‘afectación’ polo decreto lei dun dereito, deber ou liberdade regulado no título I CE, o que exixirá ter en conta a configuración constitucional do dereito, deber ou liberdade afectado en cada caso e incluso a súa colocación sistemática no texto constitucional e a natureza e o alcance da concreta regulación de que se trate (...)».

#### IV

Este real decreto lei responde aos principios de boa regulación de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para estes efectos, ponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia dado o interese xeral en que se fundamenta a medida que se establece, ao ser o real decreto lei o instrumento máis inmediato para garantir a súa consecución. A norma é acorde co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados. Igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica e é coherente co resto do ordenamento xurídico. En canto ao principio de transparencia, a norma está exenta dos trámites de consulta pública, audiencia e información pública, que non son aplicables á tramitación e aprobación de decretos leis. Por último, en relación co principio de eficiencia, neste real decreto lei procurouse que a norma xere as menores cargas administrativas para os cidadáns.

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.ª da Constitución española, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de facenda xeral.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra de Facenda e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 29 de decembro de 2020,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Medidas sociais

Artigo 1. *Tratamento no imposto sobre a renda das persoas físicas do ingreso mínimo vital.*

Con efectos desde a data de entrada en vigor do Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital, modifícase a letra e) do artigo 7 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, que queda redactada da seguinte forma:

«e) A prestación da Seguridade Social do ingreso mínimo vital, as prestacións económicas establecidas polas comunidades autónomas en concepto de renda mínima de inserción, para garantir recursos económicos de subsistencia ás persoas que carezan deles, así como as demais axudas establecidas por estas ou por entidades locais, para atender, consonte a súa normativa, colectivos en risco de exclusión social, situacións de emerxencia social, necesidades habitacionais de persoas sen recursos ou necesidades de alimentación, escolarización e demais necesidades básicas de menores ou persoas con discapacidade, cando eles e as persoas ao seu cargo carezan de medios económicos suficientes, ata un importe máximo anual conxunto de 1,5 veces o indicador público de rendas de efectos múltiples.

Así mesmo, estarán exentas as axudas concedidas ás vítimas de delitos violentos a que se refire a Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, e as axudas previstas na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e demais axudas públicas satisfeitas a vítimas de violencia de xénero por tal condición.»

## CAPÍTULO II

### Medidas económicas para a execución de sentenzas

Artigo 2. *Concesión dunha ampliación de crédito destinada ao Ministerio de Facenda.*

1. A execución da Sentenza do Tribunal Supremo 1404/2020, de responsabilidade patrimonial do Estado lexislador, levaraa a cabo o Ministerio de Facenda, que atribuirá a competencia para a súa execución e a autorización para a aprobación do correspondente expediente de gasto á persoa titular da Subsecretaría de Facenda.

2. Co obxecto de proceder ao pagamento da execución da citada sentenza, concédese unha ampliación de crédito por importe de 638.000.000 de euros na aplicación orzamentaria 15.01. 923 M.471 «Para pagamento execución Sentenza do Tribunal Supremo do 20/11/2013 e outras sentenzas de responsabilidade patrimonial do Estado lexislador», que ten carácter de ampliable.

3. Esta ampliación de crédito financiarase con cargo a débeda pública, de conformidade co sinalado no artigo 46 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

4. Este crédito ampliarase ata o importe total da sentenza e o seu importe financiarase con baixa noutros créditos do orzamento do Estado, e non resultarán de aplicación as limitacións contidas no punto 4 do artigo 54 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

5. Os expedientes de gasto e documentos contables asociados coa execución deste crédito quedarán exceptuados dos prazos recollidos na Orde HAC/1074/2020, do 16 de novembro, pola que se regulan as operacións de peche do exercicio 2020 relativas ao orzamento de gastos e operacións non orzamentarias.



Así mesmo, quedarán exceptuados do disposto nos puntos sexto e sétimo do Acordo do Consello de Ministros, do 27 de decembro de 2019, polo que se establecen os criterios de aplicación da prórroga para 2020 dos orzamentos xerais do Estado vixentes no ano 2019, se formaliza a distribución por seccións e se aproban medidas para reforzar o control do gasto público.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Con efectos desde a entrada en vigor deste real decreto lei e vixencia indefinida, modifícase a Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, como segue:

Un. Modifícase o artigo 45 da Lei 14/2000, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 45. *Actos de subscrición de accións e de achega de fondos a institucións financeiras internacionais.*

1. Os actos de subscrición de accións ou de achegas de fondos derivados de acordos de ampliación de capital ou de reposicións adoptados polos órganos competentes dos bancos de desenvolvemento e institucións financeiras multilaterais de que España sexa membro de dereito, a reposición de fondos en instrumentos multilaterais en que España xa participa como doante e os desembolsos económicos que teñan que realizarse para cumprir as obrigacións contraídas polo Estado español como consecuencia daqueles actos só necesitarán o acordo previo favorable do Consello de Ministros, por proposta da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, sempre que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais do Estado e, de ser o caso, se cumpran os límites previstos no artigo 47 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, de acordo co calendario de pagamentos previsto.

O acordo elevarase ao Consello de Ministros, logo de informe do Ministerio de Facenda.

2. Os expedientes de subscrición de accións ou de achegas de fondos en bancos de desenvolvemento e institucións financeiras multilaterais e de reposición de fondos en instrumentos multilaterais, a que se refire este artigo, poderanse ultimar incluso coa formalización do correspondente instrumento xurídico, mesmo cando a súa execución, xa se realice nunha ou en varias anualidades, deba iniciarse no exercicio seguinte. Para estes efectos, poderanse comprometer créditos coas limitacións que se determinen na normativa orzamentaria aplicable.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias.*

Introdúcese unha nova disposición transitoria oitava na Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria oitava. *Ampliación de prazos vinculados á reserva para investimentos en Canarias.*

1. O prazo máximo a que se refire o punto 4 do artigo 27 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, será de catro anos para as cantidades destinadas á reserva para investimentos en Canarias

dotada, nos termos sinalados na súa normativa reguladora, con beneficios obtidos en períodos impositivos iniciados no ano 2016.

2. O prazo a que fai referencia o parágrafo primeiro do punto 11 do artigo 27 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, será de catro anos para os investimentos anticipados materializados en 2017.»

Disposición derradeira terceira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de facenda xeral.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación para a aplicación e o desenvolvemento e execución.*

Habílanse o Goberno e a persoa titular do Ministerio de Facenda, no ámbito das súas competencias, para ditaren as disposicións e adoptaren as medidas necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de decembro de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN